MOZOS ADULTOS E FAMILIAR

O problema de buscar a verdade e atopala é non saber que facer con ela. Novela que cambiará a túa forma de velo mundo.



Hannah coñecerá a historia da súa avoa supervivente da 2ª Guerra Mundial nunha Italia ocupada polos nazis

Respostas sen anteolleiras políticas a preguntas sobre nós mesmos: por que se di que somos ambiguos? Somos celtas ou non? É o galego máis vulgar que outras linguas?...

Margarita sería unha muller calquera se non fose polo insólito don da súa voz...

Manual práctico de ecoloxía doméstica para elaborar cosméticos e produtos de limpeza con ingredientes naturais

Homenaxe a Frankestein e lección de historia nunha novela que reflexiona sobre a igualdade de sexo e clases.

40 plantas comúns nas hortas galegas que en realidade son remedios naturais que fan delas boticas vivas.



Radiografía da dor producida por unha ruptura abordada por unha muller de 50 anos que fica soa e debe reinventarse

A sobriña dunha famosa artista galega aparece asasinada en Santiago imitando unha das obras de arte da súa tía.

RECOMENDACIÓNS LECTORAS VERÁN 2020

COLECTIVO LEMOS LE

lemosle24@gmail.com

O Colectivo Lemos Le está formado por bibliotecas de centros educativos, concellos e asociacións da comarca de Lemos: CEIP A Gándara, CEIP A Pobra de Brollón, Colexio Novo, CEIP Monte Baliño, CEIP Rosalía de Castro, CEIP Virxe do Carme, CPI Dr. López Suárez, EEI Infanta Elena, IES Francisco Daviña Rey, IES A Pinguela, IES Río Cabe, BPM de A Pobra de Brollón, BPM de Bóveda, BPM de O Saviñao, BMP de Pantón, BPM de Sober, Asociación de Libreiros de Monforte.

PRELECTORES E PRIMEIROS LECTORES

Relato anecdótico da infancia do autor homenaxeado o Día das Letras Galegas. Un relato no que todos acaban mollados como pitos.

Amodovou vai descubrir que é moi difícil ir sempre cara adiante; pero ela, valente e destemida, debuxará un sorriso na súa cara e escollerá o seu destino .



Conto che de tenrura e respecto á natureza ilustrado polos nenos e nenas das “merendas con contos “ da biblioteca de Sober



E se un día as pulgas que viven nun colchón montarán unha festa?
Conto divertido sobre a diferencia e a tolerancia



Lista de honra OEPLI 2020. Antoloxía en verso sobre a paz: da nosa boca poden saír balas pero tamén bicos, versos ou beixos...



Abelardo e Berto son dous exploradores dispostos a todo por descubrir unha nova especie de bolboreta.
Libro de adiviñas, xogos e desafíos en cada páxina.



Amanda e David queren axudar ao seu amigo Yani que está a piques de perder a casa e as terras. Que pasará se os burros desaparecen?

20 ideas e proxectos que farán que os máis pequenos da casa se poñan mans á terra tan só nun pequeno patio, nun balcón ou nunha ventá.

O Doutor Malévolo converteu a Supermax, o defensor da xustiza mellor peiteado, nunha pataca. Pero el non sabe que incluso convertido en pataca é un superheroe.

LECTORES AUTÓNOMOS (9 - 11 anos)

Noa perde ao seu irmán nun incendio na mámoa que da paso ao Introterrestre e terá que enfrontarse ao Gardián da Luz para recuperalo.



Neste libro coñecerás ás bacterias, virus e outros microbios que nos rodean pero que son demasiado pequenos para velos



Libro ilustrado que percorre moitas áreas da identidade nacional galega: xeografía, historia, lendas, personaxes, festas e celebracións, símbolos…

Se es dos que non cren en vampiros mellor que non abras este libro ou tamén podes atreverte a continuar



O robot Curiosity percorre Marte en busca de pistas sobre un dos misterios da ciencia: algunha vez houbo vida neste planeta?



Colección de 28 ocorrencias que debuxan sorrisos e fan brotar gargalladas sen parar.

LECTORES EXPERTOS (12 – 14 anos)



Pasamos toda a vida co noso corpo e case non sabemos como funciona. Guía divertida para emprender unha viaxe ao interior.



V volume da saga Dragal que explora os límites entre realidade e ficción científica para satisfacer aos fans do universo dragaliano e conquistar novos lectores



O Chispas é músico. Gustaríalle ser un artista cósmico, pero non é máis ca un simple cómico ata que o poder da Fonte da Fala o converte nunha estrela de rock.